

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E ARTESANS OURIVES DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO EXPOSITIVO "O ESPLENDOR DO CAMIÑO. OITO SÉCULOS DE PRATA E ACIBECHES EN COMPOSTELA"

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Doutra parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Arturo Ouro Hortas, con D.N.I. 33.277.010-N, Presidente da Asociación de Artesáns e Comerciantes "Ourives de Compostela" (en adiante Ourives de Compostela) actuando no seu nome e representación, constituída como Asociación en data 28 de abril de 1.989, por medio de escritura pública outorgada ante o que foi Notario desta capital D. José-Antonio Montero Pardo, baixo número 622 do seu protocolo, con C.I.F. G-15.222.268, número de inscrición 15/441 no SMAC de A Coruña da Xunta de Galicia, e con domicilio social en Rúa dos Feáns, nº 5, baixo, Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas



## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión dos produtos turísticos da Comunidade galega.

A Axencia ten como obxectivos básicos, entre outros, a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos, o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial e a promoción da imaxe marca-país de Galicia, desde unha óptica integral e marca-país.

O artigo 9 dos citados estatutos establece entre as funcións e competencias da Axencia Turismo de Galicia, o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia como no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado, así como calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.

**Segundo.-** Que Ourives de Compostela, é unha asociación de artesáns sen ánimo de lucro que agrupa ós membros dos gremios de artesáns da pratería, xemoloxía, orfebrería, relojería, acibechería e ós comerciantes dos citados sectores da comarca de Santiago de Compostela. Para levar a cabo os seus fins, esta asociación poderá organizar, fomentar e /ou coordinar eventos expositivos, feiras e certames destinados á exposición e/ou venda dos produtos dos seus asociados.

**Terceiro.-** Os obxectivos esenciais deste proxecto son a posta en valor da arte que atesouran as pezas que desde fai máis de dez séculos saen dos obradoiros artesáns de Compostela, así como a aseguranza da continuidade no tempo dunhas actividades que esmorecían, entre a



indiferencia e as dificultades económicas propias da artesanía. Sentados os cimentos do renacemento artístico da nosa ourivería, faise imprescindible a celebración dunha GRAN EXPOSICIÓN da pratería e da acibechería de Santiago, como punto de inflexión e de partida do futuro do sector.

A través desta exposición faise viable avanzar en todas as liñas de actuación do plan estratéxico:

- Posta de valor da artesanía dos prateiros e acibecheiros de Compostela.
- Incremento do atractivo turístico da cidade, da provincia e de Galicia, por ofrecer un produto singular ao visitante, por mostrar una forma de traballar e por abrir unha nova venta á historia da cidade e do Camiño.
- Xeración de postos de traballo e actividade económica, polo incremento da demanda do produto feito en Santiago.
- Incentivo á captación de novos artesáns, que busquen afincarse en Compostela como lugar de traballo e expresión artística, e á captación de alumnos/estudantes que opten polos estudos regulados na materia que se están potenciando na Escola de Artes e Oficios, e que ata o de agora se matriculan noutras cidades.
- Primeira fase do proxecto de musealización da ourivería de Santiago, que non aspira a ser unicamente unha sala de exposicións, senón un centro de divulgación do noso saber facer e de transmisión dos oficios e divulgación dos mesmos.

**Cuarto.-** O número de obras a expoñer rondará a voltas de 250 unidades. Atendendo a unha media entre as pezas de maior tamaño e as de tamaño medio, expoñeranse na sala da Igrexa da USC. Neste marco cóntase con 80 m lineais de exposición que poderían dar cabida a 130 pezas aproximadamente. No marco expositivo do Colexio de Fonseca, as vitrinas deberán ser de menor tamaño e altura acompañadas de pequenos módulos individuais. Aquí irán as pezas de pescocería, (xoias) que precisan dun tipo de vitrina adaptada a súa peculiaridade e que poderán combinarse coas xa existentes. Na capela da sancristía poderá adaptarse para a proxección dun vídeo.



Cada peza levará unha ficha aparellada, onde figurarán todos os datos posíbeis, non excluindo a posibilidade de fichas colectivas en canto a perfís moi afíns para evitar densidade de texto dentro das vitrinas. Mesmo no marco expositivo as cartelas grandes levarán unha información dos diferentes Talleres e Mestres e demais informacións auxiliares.

O catálogo constitúe un factor moi importante do proxecto, en tanto que documentará cara o futuro o traballo preparatorio e divulgativo derivado da exposición. Asemade, servirá como base de futuras investigacións e do inevitable proxecto de musealización posterior, para o cal contamos coa implicación dos mesmo equipo científico-investigador.

**Quinto.-** A exposición contará con actividades permanentes de reforzo da atención de visitantes (turistas, escolares e visitantes en xeral). En primeiro lugar, mediante a reprodución de materiais audiovisuais de confección para o evento, mostrando a historia dos oficios, a súa forma de traballo e o seu potencial de futuro.

E, como maior reclamo, do traballo en vivo de prateiros e acibecheiros, nas propias salas de exposición, para que o visitante poida apreciar o traballo e o resultado do mesmo.

Ademais, convocaranse conferencias e charlas de divulgación (a cargo dos comisarios e doutros estudosos nos oficios, incluíndo artesáns en activo e xa retirados), adaptadas ao perfil do visitante, así como visitas guiadas á exposición.

**Sexto.-** Que a celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2021-22 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional dos Camiños de Santiago e da propia Comunidade, e leva aparellado un amplo despregamento de actuacións en distintos ámbitos.

A organización deste evento supón a planificación, programación e desenvolvemento de actuacións en materia de cultura, educación e turismo.

**Sétimo.-** A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar a realización do citado proxecto, por tratarse dun evento relevante que contribúe á consolidación da imaxe de Galicia, motivo polo que entende que é de interese público para o turismo de Galicia a participación nesta exposición con **Ourives de Compostela**, asociación



organizadora do evento, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto de xeito completo, en orde a promoción nacional da oferta cultural e artesanal galega e para o maior desenvolvemento e coñecemento da realidade e potencialidade dos nosos oficios como receptores dun turismo fundando na estratexia da calidade, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto de xeito completo.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Comerciantes e Artesáns Ourives de Compostela para a realización do proxecto expositivo " O esplendor no Camiño. Oito séculos de prata e acibeches en Compostela".

### Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 164.999,94€ (IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

ACTUACIÓN	IMPORTE
COMISARIADO E DESEÑO (Comisariado. Proxecto técnico de deseño do espazo Expositivo, incluíndo distribución e ubicación das pezas, itinerario e circulación de visitantes. Deseño de paneis, vitrinas, soportes ou outro material complementario que se requira. Delineación de planos para a súa construción e montaxe. Definición de materiais. Proposta de iluminación. Deseño da gráfica da exposición. Dirección técnica da montaxe)	<b>16.528,92 €</b>



TRANSPORTE (Embalaxe consonte normativa de museos, traslado de concentración y dispersión de 250 obras a expoñer. Excluida xestión de correos.)	<b>16.528,92 €</b>
Transporte Nacional	6.611,57 €
Transporte Galicia	9.917,35 €
SEGUROS (Póliza de seguros con cobertura clavo a clavo)	<b>15.000,00 €</b>
SEGURIDADE (Sistema de seguridade)	<b>6.611,57 €</b>
VIXIANCIA PRESENCIAL Servizo de 1 vixilante sen arma para a custodia da exposición, de luns a sábado de 11:00 a 14:00 horas y de 17:00 a 20:30 hs, un total de 65 días.  VIXILANCIA PASIVA Alarmas en vitrinas. Sensores de rotura, Cámaras, etc. A determinar segundo as exigencias establecidas polos prestadores de pezas e pola aseguradora	
CARPINTERÍA E INFRAESTRUCTURAS (Fabricación e suministro de vitrinas en chapa de aceiro pregada, con cerramento de vidro de seguridade laminado tipo stadip 5+5. Acabado barniz mate)	<b>53.719,00 €</b>
ELECTRICIDADE E ILUMINACIÓN (Instalación elementos de iluminación)	<b>2.479,33 €</b>



GRÁFICA (Paneis gráficos impresos en vinilo para información de salas, reproducións fotográficas, cartelas de pezas e sinalética. Incluída maquetación e fotocomposición.)	<b>4.132,23 €</b>
SOPORTES ESPECIAIS (Suministro e colocación de soportes estruturais especiais, soportes de pezas, bases e camas en soportes neutros, separadores, de diferentes medidas e características, sobreplintos.)	<b>3.305,78 €</b>
ELEMENTOS DE CONSERVACIÓN (Suministro e colocación de solo autoportante de 5 mm, tipo forbo flex ou similar, en planta baixa)	<b>2.066,11 €</b>
MONTAXE/DESMONTAXE (Montaxe e desmontaxe de todos os elementos e infraestruturas, movemento interno para a súa reubicación e montaxe de pezas na súa definitiva posición por persoal especializado. Incluído transportes, cargas, descargas e xestión de residuos)	<b>8.264,46 €</b>
MATERIAL AUDIOVISUAL (Produción de audiovisual para a súa reprodución nas sedes expositivas.)	<b>6.198,34 €</b>
CATÁLOGO (Incluíndo fotografías das pezas, explicación do proxecto expositivo e contexto historiográfico)	<b>4.132,23 €</b>
<b>TOTAL B.I.</b>	<b>123.966,89€</b>
<b>IVE 21%</b>	<b>26.033,05€</b>



<b>SIN IVE</b>	<b>15.000,00€</b>
<b>TOTAL</b>	<b>164.999,94€</b>

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de 60.500€ con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.640.2, proxecto 2018 00002, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2022. En todo caso, as achegas da Axencia Turismo de Galicia só cubrirán o custo da realización das actividades sen que Ourives de Compostela obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da Asociación, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

### **Terceira.- Compromiso das partes.**

1. A Asociación, comprométese a realizar as actuacións descritas na cláusula primeira, e asume as seguintes obrigas

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para as actuacións que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño,



polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo).

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas, coa achega establecida na cláusula cuarta, así como na definición en concreto das accións obxecto do convenio.

#### **Cuarta.- Resultados conxuntos**

As partes compartirán os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre os traballos correspondentes ás actuacións obxecto do convenio. Así mesmo, o diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común para as partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

#### **Quinta.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir



responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente

### **Sexta .- Xustificación e pagamento**

A achega da Axencia Turismo de Galicia, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que Ourives de Compostela deberá presentar a seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen, de conformidade ao establecido na cláusula cuarta:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Factura emitida pola entidade á Axencia Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do logo do Xacobeo 21.22.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa será dende a formalización do convenio ata o **1 de decembro de 2022**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros,

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda deste convenio, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

### **Sétima.- Comisión de Seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A Comisión concretará as actividades do programa proposto así como as condicións de financiamento para asegurar a súa viabilidade, dentro da achega máxima a que se obriga a Axencia Turismo de Galicia coa sinatura deste convenio e establecida na cláusula cuarta.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Oitava.- Modificación do convenio**

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.



Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

### **Décima.- Causas de resolución**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.



- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

### **Undécima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais**

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

### **Décimo segunda.- Protección de datos persoais**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do convenio se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.



Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

### **Décimo terceira.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Décimo cuarta.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Asociación de Artesáns e  
Comerciantes "Ourives de Compostela"

D. Alfonso Rueda Valenzuela

D. Arturo Ouro Hortas

